

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO DA CONVOCATORIA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIOS 2019-2020

EXPEDIENTE: 2020/332

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O 18 de xullo de 2020 a Xunta de goberno local do Concello de Ames acorda a convocatoria de subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames 2019-2020.

Segundo.- As bases de convocatoria de subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames 2019-2020 publícanse no BOP da Coruña o 27 de xullo de 2020.

No artigo 6.2 das bases de convocatoria establece un prazo para a solicitude de subvención de 15 días naturais contados a partir do día seguinte a súa publicación. E no artigo 8 das bases de convocatoria establece como prazo para a xustificación da anualidade 2019 o 31 de agosto de 2020.

Terceiro.- Polo técnico de promoción económica antes o remate do prazo para presentación de instancias o día 11 de agosto de 2020 e debido a situación actual derivada do COVID-19, e tras as conversas mantidas coas asociacións de empresarios e posibles beneficiarios, considera adecuado ampliar o prazo de presentación das solicitudes de subvención e tamén o prazo de xustificación dos gastos correspondentes a anualidade 2019.

Por todo o exposto en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

Primeiro.- Avocar de forma singular e para o caso concreto a competencia de probación das bases reguladoras das subvencións concedidas polo concello en réxime de libre concorrència, e polo tanto as aclaracións o modificación das bases, competencia delegada na Xunta de Goberno Local. A avocación ven motivada pola necesidade urxente de acordar a ampliación do prazo de presentación de instancias e de xustificación da convocatoria de subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames. Exercicios 2019-2020, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Segundo.- Ampliación do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria de subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames. Exercicios 2019-2020. O prazo ampliase 15 días naturais contados dende o día seguinte o remate do prazo establecido nas bases da

convocatoria, de forma que o prazo para presentación de solicitudes remata o 26 de agosto de 2020.

Terceiro.- Ampliar o prazo de xustificación dos gastos correspondentes a anualidade 2019, establecendo como data límite de xustificación o 15 de setembro de 2020.

O primeiro tenente de alcalde

Alcalde por delegación (Decreto 1734/2020)

David Santomil Mosquera

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar

FECHA DE FIRMA: HASH DEL CERTIFICADO:
11/08/2020 863E4DFB491DFDC2C48FB9D23CDABAF18970D3D0

PUESTO DE TRABAJO:
Alcalde por delegación

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152201DOC2BB91E4FFAFF079B4081

NOMBRE:
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID